

ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Artigo 1.-

A cota tributaria deste Imposto esixirase de conformidade co cadro de tarifas establecido na Lei 39/1.988, de 28 de Decembro, Reguladora das Facendas Locais, non facéndose uso da facultade de incremento destas cotas mediante a aplicación sobre as mesmas dun coeficiente municipal.

Artigo 2.-

Establécese unha bonificación na cota do Imposto do 100 por 100, para os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antiguidade mínima de vintecinco anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se coñecera, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixase de fabricar.

Artigo 3.-

En todo aquilo que non se expresa nesta Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Subsección 4ª, da Sección 3ª, do Capítulo II, do Título II, da citada Lei 39/1.988, de 28 de decembro, disposicións concordantes e complementarias da mesma e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así coma nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

A redacción definitiva da presente Ordenanza Fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na Sesión celebrada o día 30 de Xaneiro de 2.003, e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P.) e será de aplicación a partires do día un de xaneiro de dous mil tres, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.